

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 8 DE NOVEMBRO DE 2022

Ás 10.00 horas do día 8 de novembro de 2022, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión extraordinaria, no salón de plenos da Deputación Provincial de Ourense, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. César Manuel Fernández Gil

D. Pablo Pérz Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

DeputadoS de Democracia Ourensana:

D. Gonzalo Pérez Jácome (que se retirou ao rematar a primeira quenda de intervencións do Pleno e non regresou).

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa (que se incorporou á sesión despois do receso de media hora do Pleno).

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Ausentes na sesión:

D. Miguel A. Cid Álvarez (Grupo Popular), que xustifica a súa ausencia e emite o voto de forma non presencial.

D. Armando Ojea Bouzo (DO), que escusa a súa ausencia.

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Rafael Rodríguez Villarino
D. José Ignacio Gómez Pérez
D. Diego Fernández Nogueira
D.^a Elvira Lama Fernández
D.^a Margarita Pérez Fernández
D. Álvaro Vila Araújo
D. Aurentino Alonso Araújo
D.^a Susana Rodríguez Estévez
D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Previamente ao tratamento dos puntos integrantes da orde do día, o secretario xeral intervéñ para acreditar a existencia de quórum para a realización da sesión.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense:

**1º.- DEBATE SOBRE O ESTADO DA PROVINCIA DE OURENSE,
CORRESPONDENTE AO ANO 2022**

- 1ª intervención do presidente: Moi bos días, señoras deputadas, señores deputados, bos días a todos os presentes neste salón de sesións, representantes de entidades culturais, sociais, empresariais, representantes de Ourense e das Cortes Xerais do Estado, e a quen segue esta retransmisión pola web da institución. Benvidos a este debate, sen dúbida, xunto ao do pleno de orzamentos -xa celebrado o pasado setembro-, o máis importante do ano neste plenario. Benvidos neste mes de novembro, o mes de Ourense, cumprindo así o establecido no Código Ético e de Conduta desta institución como mes no que debe ter lugar este debate. Cumprimos así de novo o Plan de mandato 72-73 que establece tamén a súa realización neste mes. Benvidos a este formato, aínda non copiado polas outras deputacións galegas, será máis cedo que tarde, innovador no estado e foro acaído para verter propostas dinamizadoras do noso territorio, a nosa querida provincia de Ourense, que é quen nos convoca. Alá cada un coa súa responsabilidade, exercendo ou non as súas obrigas como membros desta cámara de

representación política. Non hai maior exemplo de nihilismo político que a non observancia dos deberes dun cargo público -neste caso, o máis importante que é acudir ás sesión dos órganos colexiados, onde representas ao teu electorado-. Tampouco existe exemplo máis vergoñento para simbolizar o nulo respecto institucional. Unha foto vale máis que mil palabras, e os escanos baleiros do grupo socialista por cuarto ano consecutivo é a radiografía dun fracaso político. Sen comentarios. Sr. Varela, portavoz do BNG, está vostede como xefe absoluto da oposición, o único que conta cun plan alternativo para gobernar esta corporación, parabéns por iso. Permítanme que dedique unhas palabras ás concelleiras e concelleiros dos 92 concellos da provincia, para recoñecer o seu compromiso, gobernen ou exerzan a oposición, con especial fincapé para os que teñan na nobreza e na lealdade ao territorio o seu motor. Quero personalizar ese labor, calado, servicial, entre a xente, nun deles falecido hai pouco e a quen homenaxeamos este sábado en Porqueira, a José Rodríguez Dobaño “Peitos”. As concelleiras e concelleiros da provincia representan á veciñanza, merecen o máximo respecto e cumpren as súas obrigas. No seu conxunto son un motivo fulcral para crer na política e, polo tanto, para crer en Ourense. Aínda resoan neste salón as verbas pronunciadas o pasado venres cando entregamos a distinción de Fillo adoptivo da provincia de Ourense a Manuel Villanueva de Castro. E fago miñas as verbas de Ignacio Rodríguez na súa laudatio para pedir que quen formamos parte desta Corporación, como representantes de Ourense, “cumpramos coa vocación de servizo público que se espera recibir de quen asume esa condición, que teñamos determinación para ser útiles, que busquemos constantemente avances en beneficio desta provincia e que nos entreguemos incondicionalmente ao seu futuro. Tamén dixo que a mellor maneira de evitar que as condicións adversas medren e nos fagan peores é combaténdoas día a día con naturalidade, mirando sempre con altura e co orgullo de quen constrúe paraísos sen outro fin na vida. Un debate de altura é o que se merece esta provincia hoxe e sempre. A análise da realidade socioeconómica provincial e a súa evolución é, sen dúbida, un dos ámbitos que ten ocupado un maior espazo nas miñas intervencións nestes debates anuais sobre o estado da provincia, que vimos realizando todos os novembros dos últimos oitos anos, a excepción da do ano 2015 no que se deixou de realizar por coincidir este mes co período electoral das eleccións ás cortes xerais. Estamos pois diante do último debate sobre o estado da provincia deste mandato, realización cumprida nos catro anos, compromiso formulado no plan 72-73. Por certo, lánzolle aos grupos presentes e ao ausente o envite de presentarse ante o electorado cun plan de goberno para a

Deputación de Ourense. Vaian as eleccións pensando que delas sae esta Corporación Provincial e deben amosar, se as teñen, as ideas coas que contan para esa visión integral de provincia que representan estes gobernos na arquitectura institucional do Estado. Estamos, sendo o cuarto do mandato, ante un debate que ben merece luces largas e un balance da década. Neste punto, e para podermos explicar onde estamos, resulta imprescindible botar a vista atrás e dar una ollada ao que ten acontecido no pasado recente. Cando hai 3 anos, no debate do estado da provincia do ano 2019, afirmaba que “O presente debate sobre o estado da nosa provincia desenvólvese nuns intres nos que a suma de incertezas tanto no campo internacional como no do conxunto do estado español teñen producido unha situación de desaceleración do ritmo de crecemento das economía global, europea, española e galega” ninguén podía nin achegarse a imaxinar que aquelas dúbidas causadas entre outros factores polas tensións comerciais entre EEUU e China, o brexit, e a complexidade da situación xeopolítica internacional, non eran nada comparado cos retos que teríamos que afrontar nos anos seguintes cando a aparición do coronavirus deixou á vista a fuselaxe e as debilidades en aspectos tan transcendentales como a sanidade, a mobilidade, a educación, como non da economía, e de todas e de cada unha das sociedades dun mundo que presumía de prosperidade e globalidade. Para reafirmar que nos atopamos en tempos nos que unhas crises seguen a outras, tras dous anos de pandemia, e cando aínda sufríamos fortes desaxustes entre a oferta e a demanda provocados pola crise derivada daquela, a invasión rusa de Ucraína en febreiro deste ano ten producido profundas ondas sísmicas que teñen repercutido de xeito case inmediato na vida e nas economías dos países no mundo enteiro. O incremento desbocado dos prezos enerxéticos e das materias primas básicas para a industria e a alimentación, conxuntamente cos trastornos causados nunha cadea de subministracións xa moi tensionadas, teñen deteriorando o sistema produtivo, dando paso a altos niveis de inflación que, unidos á consecuenta subida de tipos de xuro, marcan á baixa o ritmo da actividade económica a nivel global; unha realidade á que non é allea, obviamente, a economía provincial. Neste marco xeopolítico, complexo e complicado, é no que nos xuntamos hoxe aquí para analizar a situación actual da nosa provincia, render contas do feito e deseñar, entre todos, políticas e actuacións que redunden na mellora da calidade de vida dos cidadáns ourensáns, sabendo que nos atopamos en medio do camiño dunha transición cara a procura dun novo equilibrio social e económico que nos esixe aos responsables políticos, mais que nunca, ter a altura de miras que nos permita traballar xuntos. A limitación de tempo neste debate fai que non podamos

traer aquí todos os indicadores socioeconómicos que marcan cada un dos aspectos da nosa realidade, e que pódense consultar na web do Observatorio Económico Ourense, pero si que quero traer a este debate algúns enfoques que esta presidencia considera especialmente relevantes para reflectir dun xeito obxectivo a nosa realidade, en termos de capacidade de creación de riqueza e competitividade, de emprego, de benestar e de cohesión social e situación demográfica. Polo que respecta á capacidade de xerar riqueza e benestar na nosa provincia, cando hai 10 anos tomei posesión como presidente desta deputación provincial, o PIB per cápita provincial situábase nos 18.572 €. Os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística, os provisionais do ano 2019, sitúan por primeira vez o PIB provincial por riba dos 7 mil millóns de euros (exactamente o INE cuantifica a cifra provisional do PIB provincial dese ano en 7.188.956 €) o que permite que o PIB por habitante se eleve ata os 23.430 € a cifra mais alta da serie histórica, e que supón un crecemento do 26,2% fronte aquel PIB per cápita no ano 2012, o que representa o maior crecemento das catro provincias galegas neste período, superando en 4 puntos o crecemento do PIB per capita no conxunto de Galicia. Esta evolución da riqueza tennos permitido reducir de forma significativa o diferencial do PIB/por habitante da nosa provincia con respecto á situación do mesmo indicador en Galicia e en España neste decenio. Así, entre todas e todos, temos sido quen de reducir 5 puntos dos 6,8 puntos que tiñamos no ano 2011 de diferencial entre o noso PIB/por habitante respecto ao galego, e viuse reducido en 6,5 puntos o diferencial que mantiñamos respecto ao PIB/por habitante español, unha evolución que nos permite aventurar que, de seguirse esta tendencia, en moi pouco tempo podamos ver como o PIB per cápita da nosa provincia supere o PIB per cápita medio de Galicia. A capacidade de xeración de riqueza que mostra o crecemento do PIB, ten o seu reflexo na evolución das cifras de emprego, e así a Enquisa de Poboación Activa do terceiro trimestre deste ano, publicada hai una semana, cifra en 117.100 o número de ourensáns ocupados; dato que se ben mostra unha leve desaceleración respecto ao mesmo período do ano anterior, supón un crecemento de case tres puntos e medio respecto aos 113.200 ocupados que había na provincia no mesmo período do ano 2012. Un crecemento en ocupación, que é especialmente significativo se pomos o foco no emprego feminino, onde o aumento chega ata case os 10 puntos. Tamén presenta unha boa evolución a ocupación da poboación mais nova, superando a taxa de ocupados sobre activos nesta franxa de idade o 80% unha vez mais neste trimestre, o que significa que se sitúa a taxa provincial por encima da taxa de ocupación autonómica para este grupo de idade, e que

supere en 14 puntos e medio a que tiñamos no ano 2012. Estes niveis de ocupación teñen o seu reflexo no forte descenso do paro nestes dez anos, reducíndose case a metade o número de desempregados que tiñamos no ano 2012, e en case 10 puntos o número de desempregados anterior ao inicio da pandemia, situándose a taxa de desemprego sobre poboación activa no 11,5%. Tamén temos avanzado nestes anos en termos de benestar e cohesión social, e así segundo os últimos datos da Enquisa Estrutural a Fogares publicada polo IGE, o ingreso medio mensual dos fogares ourensáns no ano 2020 (o último dispoñible) ten medrado nestes dez anos un 22,5%, 3 puntos máis que a media do ingreso medio por fogar no conxunto de Galicia, sendo Ourense tamén a única provincia galega que, neste período, ten logrado diminuír a taxa de risco de pobreza cos límites provinciais. Non podemos finalizar esta revisión aos principais indicadores socioeconómicos provinciais sen facer unha referencia á situación demográfica da nosa provincia. Os datos provisionais de poboación a 1 de xaneiro do 2022 publicados polo INE fixan a poboación da provincia lixeiramente por riba dos 304.000 habitantes, o que representa unha cifra un 0,37% inferior á do ano anterior. Ese decrecemento é o segundo menor dende o ano 2010, mostrando a serie de datos unha posible ralentización da dita perda poboacional, e producíndose un progresivo acercamento das liñas que amosan a evolución do número de habitantes en Ourense coas de Galicia e o Estado Español. Seguiremos tomando medidas e pediremos a institucións da Unión Europea e do Estado español, esixíndolles que legislen con perspectiva demográfica. Este debate serviu, entre outras cousas, para que hoxe, a iniciativa que desembocou no actual Centro Galego de Innovación da Formación Profesional sexa unha realidade, feita por quen lles fala en 2018. Neste debate teño a ben comunicar a nosa proposta de dixitalización da xestión municipal do ciclo da auga. Estou a falar do proxecto “OU-intelixente: a provincia da auga”, outra visión que pode contribuír a cambiar a nosa realidade. Unha proposta que nace do complicado que é imaxinar un futuro próspero para un territorio sen asegurar unha axeitada xestión da auga para os distintos usos, nin unha rápida adaptación deste territorio ao actual contexto derivado do cambio climático. Estamos na provincia da auga. A auga sempre foi un elemento clave para o desenvolvemento económico e social do noso territorio. O proxecto que promove a Deputación de Ourense será pioneiro na transformación da xestión da auga a nivel provincial e presentárase á convocatoria específica dos Fondos Next Generation asociada ao PERTE de dixitalización da auga, convocatoria xa publicada, e cuxo prazo de presentación remata o 10 de febreiro de 2023. As actuacións prioritarias que contempla este proxecto e nas que xa leva

tempo traballando esta Deputación (elaboración de memorias, proxectos e demais documentación requirida) son: a implantación de contadores intelixentes domiciliarios para aqueles concellos de menos de 20.000 habitantes que se adhiran á proposta; en segundo lugar a instalación de contadores intelixentes en 120 puntos de entrega de auga aos sistemas de abastecemento dos concellos; en terceiro lugar a dixitalización de 124 instalacións de depuración para o control, en tempo real, tanto da cantidade como da calidade do vertido ao medio; en cuarto lugar a dixitalización de 18 instalacións de abastecemento para o control en tempo real do funcionamento das plantas de tratamento de auga potable, así como das redes de distribución no Consorcio de Augas de Valdeorras e en quinto lugar a creación do Centro Intelixente para a xestión provincial da auga -o AQUOU- no que centralizaremos a xestión operativa de toda a información obtida en tempo real. Este centro pretende, ademais, ser un espazo aberto á cidadanía no que transparentar e poñer en valor a importancia dunha axeitada xestión da auga no territorio. Este ambicioso proxecto terá un orzamento de 11,11 millóns de euros, aspirando a conseguir unha subvención de 10 millóns de euros, o máximo posible nesta convocatoria. Polo tanto a ambición e compromiso desta Deputación son máximos para aproveitar estes fondos e avanzar na xestión intelixente deste recurso estratéxico para a provincia de Ourense. No caso de ser aprobado polo Ministerio (MITEC), a Deputación de Ourense cofinanciaría o investimento necesario para facilitar o acceso dos concellos a estas tecnoloxías, aos novos perfiles profesionais requiridos e aos novos servizos avanzados. O impacto deste proxecto consiste en despregar as últimas tecnoloxías dispoñibles, engadir dixitalización e capas de intelixencia asociadas aos datos, de xeito que poidamos avanzar na xestión intelixente a nivel provincial dun recurso estratéxico como é a auga. Un recurso clave para Ourense e que será crucial para adaptármonos aos xa visibles efectos do cambio climático. Nun futuro próximo integraríamos diferentes ferramentas relacionadas co seguimento da estratexia provincial, incluíndo un sistema para o control da calidade das masas de auga que avale a creación, e isto é moi importante, dun selo de calidade pioneiro específico para as augas termais. Con este proxecto, a Deputación de Ourense adiantase aos novos requirimentos normativos, permitíndolles aos concellos o cumprimento dos novos retos e obrigas legais esixibles aos servizos municipais. O Centro Intelixente para a xestión provincial da auga -AQUOU- permitirá avanzar na transparencia da xestión dun servizo público de cara á veciñanza. Deberá ir da man da innovación e manter vencellos con entidades como o Centro Integrado de Formación Profesional da Farixa, único centro de FP

da provincia de Ourense que imparte a Familia da Auga e da Enerxía, posibilitando o desenvolvemento de programas de formación específicos en materia de xestión de infraestruturas da auga, tanto plantas como redes de abastecemento ou saneamento, cubrindo así o déficit de perfiles profesionalizados e actualizados que requiran os servizos públicos, mellorando a empregabilidade dos ourensáns. Tamén quero deixar patente que a Deputación de Ourense xa iniciou un programa formativo para permitir a actualización continua e a reciclaxe dos actuais traballadores públicos dos concellos que prestan estes servizos. O AQUOUU será un elemento fundamental que vertebre o coñecemento en materia da auga na provincia de Ourense, dinamizando o ecosistema de formación, emprendemento e innovación provincial. Conseguiríamos o 100 % de telelectura nos principais núcleos, aproveitando a necesaria renovación ou implantación do parque de contadores municipais. Este proxecto está aberto a aqueles concellos da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes interesados na modernización dun servizo público tan esencial como o asociado á xestión da auga. Señoras e señores deputados, esta Deputación que converte a Ourense en capital termal, en capital do cinema, en capital dos deportes acuáticos, en marco estatal das industrias culturais e creativas coa ICC Week, en capital da única Mobile Week provincial que ten lugar en España, en capital do turismo deportivo, en capital da formación profesional, en capital do talento grazas á alianza co campus de Ourense da Universidade de Vigo. A Deputación da CULTURA con maiúsculas, apostando sempre pola identidade e polo orgullo de pertenza, como faremos este día 11, o noso patrón, coa entrega do Premio Ourensanía ao xigante da fotografía Manuel Outomuro, nado na Merca. Esta Deputación con débeda cero, con plan de mandato, líder en transparencia estatal, exemplo de planificación cos orzamentos aprobados antes que ningunha outra administración pública, con papel activo e decisivo en foros permanentes e entidades nacionais e internacionais, adañil da cooperación, a mellor aliada de concellos e asociacións de todos os sectores da provincia, con moito que dicir e Ourense por bandeira, sabe perfectamente que da participación e do consenso nace todo. Que política se escribe con P de pacto. Ese pacto que afianzamos todos os días e que buscaremos de novo o 28 de maio de 2023, dentro exactamente de 200 días. Douscentos días que é un período de tempo importante pero tamén minúsculo comparado cos 200 anos que a Deputación de Ourense cumpriu neste 2022. Faremos votos por outros 200 anos máis de progreso e de compromiso con esta terra. Remato cunhas verbas pronunciadas por Manuel Villanueva de Castro o pasado día 4 neste salón: “*Ourense é a terra dos mil ríos que conflúen na súa arteria*”

húmida, o Miño, o pai de todos os de Galicia, o camiño serpenteante cara ao mar. Xa o dicía Castelao: “os peixes non son dun lugar nin do outro, son do Miño”. Nós tamén. Dixen. Moitas grazas.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Bos días señor presidente, bos días señores e señoras deputadas, bos días ás autoridades e ao público que nos acompaña e por suposto a todos aqueles que nos observan a través da conexión en directo. Certamente hoxe o destino resérvalle ao Bloque Nacionalista Galego exercer de oposición neste plenario e alá imos, porque a composición desta Deputación é a que é, e aínda que Montse, ela mesma confirmou que volveu ao Partido Popular, quero lembrarlles que se iniciou este mandato cun Partido Popular en minoría, aínda que ao longo do tempo non se notou que así fose. Dos datos que trasladaba a Presidencia, debo dicir que eses mesmos datos poden lerse dun xeito ou doutro, e indica que os datos desta provincia, cos datos das ocupacións do INEM, amosan que se incrementou a renda *per cápita* por habitante pero en parte debido á baixada da poboación que temos nos derradeiros anos, e que sinalan que desde o ano 2011 esta provincia situouse desde os 333.000 habitantes nos 304.000 habitantes, é dicir, case 30.000 habitantes menos ou un dez por cento menos, o que supón un dato moi preocupante. Sobre á referencia ao incremento da poboación xuvenil indica que a 1 de xaneiro de 2021 por cada 100 persoas menores de 16 anos había 3030 maiores de 64 anos, fíxense vostedes, un valor que case triplica os 129 que hai a nivel Estado e un 30 % superior á media galega, o que provoca que teñamos a máis persoas cobrando a pensión da Seguridade social que afiliadas, se ben é certo que moitas destas pensións se xeraron fora desta provincia alá na emigración, como volverá a suceder sen dúbida no futuro porque desgraciadamente seguimos a ter xente emigrando. É certo que 2021 e 2022 teñen sido anos de baixada sostida no desemprego, derivada en parte da crise da COVID-19, pero iso tampouco pode ocultar que nos últimos catro anos se perderon máis de 1000 persoas activas nesta provincia, e que a este respecto en canto a afiliados á Seguridade Social resulta alarmante que as cifras nos trasladen fronte aos 20.000 entre 16 e 34 anos, afiliados, teñamos 30.380 entre os 45 e 64 anos, un dato que se fai máis rechamante aínda nos autónomos, onde dos 2.900 na franxa entre 16 e 34 anos, temos 7.200 na franxa entre 45 a 64 anos, ou 7.380 maiores de 55. Isto representa claramente unha falta de relevo xeracional que de seguir así inviabiliza o futuro deste territorio. O 72 % dos afiliados pertencen ao sector dos servizos fronte un 14,5 % do sector industrial, sendo este coa

agricultura precisamente, os sectores que baixaron neste último ano, mentres o sector servizos é o que sube e mantén efectivamente esa subida no emprego. A provincia de Ourense ten os peores datos galegos e do Estado en canto a IPC, cunha suba do 9,7 % inter anual no mes de setembro, un 1 % superior á media estatal e, fíxense vostedes, a subida máis importante deuse na electricidade, curiosamente nunha provincia excedentaria na produción eléctrica. Este é o cuarto debate sobre o estado da provincia e tal vez o último no que eu poida partillar e lamento dicir que non teño visto avances significativos no modelo que desde esta institución se quere liderar para unha provincia na que vostedes din ver un vaso medio cheo e eu sigo pensando que, a pesares das infinitas potencialidades desta provincia a nivel produtivo, social e medio ambiental segue sen arrear e perdendo oportunidades tan significativas como a que nos brindou sen a única cidade galega á que chegou o AVE, e como sigamos así seguiremos sendo a única por moitos anos, por certo. Teño escoitado aquí falar de termalismo, de plantas de biogás na Limia, de que a estación de montaña de Manzaneda ía ser o gran revulsivo para esta provincia, e a verdade é que todo iso quedou aí, non volvín ter novas, sinto dicilo. Mentres, temos congresos mundiais de termalismo que vexo con bos ollos senón fora porque a duras penas teñamos espazos termais abertos nesta cidade que segundo nos din ten o segundo potencial termal máis importante de Europa. É unha mágoa que leve anos quedándose en potencial. Eu xa non lles falo moito disto aos veciños, porque nos miran como se fálamos ás veces de ovnis e custa trasladar esa mensaxe porque a xente xa te mira un pouco raro. E lamentablemente acabamos de ver o escaso peso económico, social e político que nos outorga ata a Xunta de Galicia do Partido Popular, priorizando á cidade da Coruña fronte Ourense na instalación da AESIA, que por certo, de non ser para Ourense, mellor para A Coruña que para outro lugar do Estado, pero tamén é certo que eu si que creo e considero que nós eramos claramente os que cumpríamos todas as encomendas que se lle asignaban a ese espazo, aínda que non creo que fose a salvación para esta provincia, pero é evidente que temos que ir sumando “para facer graneiro”. É responsabilidade dos que estamos en política xerar esperanza e crear as condicións necesarias para un desenvolvemento económico, social e ecolóxico do territorio, un desenvolvemento sostible que permita o regreso dos que emigraron, evitar a emigración forzada de máis xente nova a crear un espazo de oportunidades para que a xente de outros territorios se achegue a nós. Os 7273 quilómetros cadrados desta provincia poden e deben ser motor de desenvolvemento, temos elementos como a produción enerxética que deben ser un revulsivo para a poboación local, pero non podemos permitir que

o espolio que se produciu no século pasado cos encoros, se produza agora cos eólicos, nin que a paisaxe e a riqueza ambiental se vexan comprometidas. Pero esta e outras moitas cuestións deberán ser valoradas en maio do vindeiro ano pola cidadanía, e a algunhas chegaremos tarde senón se toman medidas inmediatas. Dende o BNG cremos que o territorio e a cidadanía de Ourense teñen capacidade, potencialidade e saberes para afrontar os importantes retos que afrontamos, especialmente desde os concellos. Para iso tamén lle solicito ao grupo de goberno que deixen aos concellos ser maiores de idade da man dos seus veciños e veciñas afrontar coa axuda desta institución aqueles retos que consideren máis necesarios. Hoxe traemos aquí dez propostas, e por certo respecto da que vostede nos sinalaba quero indicarlle que me parece correcta, porque concordo que é fundamental a xestión da auga, e témolo visto este verán especialmente, e tamén lle quero dicir que estamos a facer da necesidade virtude porque de todos é ben sabido que a lexislación obríganos a que en 2025 todos os contadores de auga sexan intelixentes. Benvido sexa o proxecto. En canto ás propostas de resolución que traemos como BNG a este pleno son as seguintes: 1.- Establecer con carácter inmediato unha mesa de diálogo onde estean representados os grupos políticos desta Deputación Provincial e os concellos da provincia e na que se estude un novo modelo de reparto con criterios obxectivos dos fondos da Deputación Provincial, destinados á cooperación cos municipios. Establecendo un mínimo do 25% do orzamento provincial co que contribuirá ao obxectivo fundamental da Deputación que cabe lembrar, é colaborar cos concellos da provincia no seu sostemento e prestar colaboración técnica e económica para que poidan actuar a prol da cidadanía. Este novo Plan debería estar operativo para o reparto proporcional do remanente de tesourería do presente ano 2022. 2.- Remudar totalmente o papel do Inorde ou simplemente que desapareza como tal, vista a súa inoperatividade como factor de desenvolvemento da provincia de Ourense, dado que o seu orzamento se consume en gastos de persoal e funcionamento. Sendo que as escasas accións que desenvolve poden ser perfectamente executadas desde a propia Deputación, dun xeito que consideramos incluso máis áxil e reducindo custos. 3.- Ante o razoable funcionamento, tanto pola satisfacción dos usuarios como polas taxas mantidas, así como pola experiencia frustrada doutros servizos que tiveron que ser recuperados para a xestión pública, esta institución comprométese ao mantemento do servizo público de recollida de lixo que esta Deputación Provincial presta a máis de medio centenar de concellos da provincia de Ourense. Adaptando este servizo público ás novas esixencias que emanan da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular e á

realidade de inserción no territorio da poboación na nosa provincia. 4.- Esixirlles a todas as administracións competentes (Estado e Comunidade Autónoma) en materia de regulación enerxética, que se estableza un novo mapa eólico galego con criterios de preservación do noso territorio desde un punto de vista social, medioambiental e patrimonial. E que ao tempo os beneficios obtidos dos recursos naturais (nomeadamente a auga e o vento) que son de toda a veciñanza de Ourense, revertan na poboación local tanto mediante os pagos directos ao propietarios, os tributos aos concellos e o desenvolvemento de Plans industriais e tarifas enerxéticas propias que favorezan o desenvolvemento do territorio da provincia. 5.- Demandar da Xunta de Galicia aumentar o orzamento destinado á atención primaria ata chegar ao 25%. No inmediato aumentar o 2,2% (máis de 200 millóns de €) para chegar á media do Estado. Que incremente a estabilidade e cantidade dos cadros de persoal para que poidan atender os pacientes en tempo e forma. Rematar coa precariedade nas condicións laborais do persoal que atende a saúde, co fin de garantir calidade asistencial, e que traballar e conciliar non sexa misión imposible. Solicitar a posta en marcha dun plan de retorno, captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas, tanto no ámbito económico como das condicións laborais. E por último demandar da Xunta incorporar categorías novas: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos-optometristas ..., con profesionais, que se existen, para poder ser contratad@s. 6.- Demandar da Xunta de Galicia a que en colaboración coa Deputación de Ourense e coas reclamacións económicas que procedan os causantes da dita situación, por en marcha as actuacións necesarias para revertir o estado de illamento extremo no que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no Concello de Vilamartín de Valdeorras, debido ao corte físico da estrada OU-0807 e ao deterioro do paso sobre o Pereanes na estrada do Mazo. Así como establecer ente ambas administracións de inmediato, protocolos específicos para asistir á veciñanza en caso de emerxencia, e que estea garantida a cobertura desta poboación. Así mesmo comprométese esta Deputación a colaborar co Concello de Vilamartín para mellorar a seguridade viaria da estrada que une O Mazo con Robledo de San Vicente de Leira. Demandar da Xunta que proceda á consolidación e arranxo da ponte sobre o regato Pereanes para garantir o acceso á parroquia neste outono(inverno e polo tanto o acceso da veciñanza de San Vicente de leira ás súas propias casas e aos servizos públicos. E demandar da Xunta establecer un convenio de colaboración coa Deputación ourensá para atinxir unha alternativa segura e viable para o acceso a San Vicente de Leira a través da OU-0807. 7.- A Deputación

demanda da Xunta de Galicia e o Concello de Ourense establecer o sistema de buses necesario, para, en colaboración cos concellos da provincia interesados, materializar un servizo integrado de transporte público. Que permita achegar as vantaxes do AVE ao resto dos concellos da provincia que o demanden, especialmente ao da área máis próxima á capitalidade e a estación da Gudiña. Así mesmo a Deputación comprométese cuns servizos ferroviarios dignos para esta provincia e instar á Xunta de Galicia e Estado a impulsar a creación dun ente ferroviario galego e de servizo de proximidade con comunicación provincial e interprovincial á par que demanda reabrir as estacións de tren clausuradas na provincia, como a de Ribadavia, A Rúa, O Barco, así como a mellora e modernización da rede ferroviaria galega. 8.- Esta Deputación Provincial establecerá unha liña de axudas económicas a concellos para axudar a adaptación dos cemiterios públicos municipais ás crenzas ideolóxicas e manifestacións culturais a respectos da morte, que cada día son máis diversas na sociedade ourensá. 9.- A Deputación Provincial de Ourense demanda do Goberno do Estado Español a creación dunha tarifa especial para a iluminación pública dependente dos concellos, tal como a que existía ata 2009. Por ser este un servizo público de primeira necesidade cuxo incremento está a afundir as economías locais, e só se xustificou daquelas na necesidade de manter os beneficios das grandes enerxéticas ante a caída do consumo. 10.- A Deputación de Ourense solicita do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia o establecemento de liñas directas de axudas aos concellos, de fondos Next Generation, para que dentro do cumprimento das liñas para eles establecidas pola Unión Europea, todos os concellos teñan unha cantidade mínima de 100.000 euros de dotación, máis un complemento proporcional en función de criterios tales como poboación, dispersión poboacional e avellentamento. Nada máis, agrado as súas propostas, e grazas porque sei que me pasei do tempo.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Presidente, deputadas e deputados presentes, invitados, medios de comunicación, público que nos segue a través da internet, bo día. No pleno do pasado setembro, con motivo da aprobación dos orzamentos desta Deputación para 2023, sinaléi na miña intervención que este goberno provincial, unha vez máis, daba cumprida conta dun dos máis importantes compromisos adquiridos no plan de mandato 72-73, presentado no seu día polo presidente, por certo, ningún outro grupo político fixo tal cousa. Hoxe tamén damos cumprida conta doutro dos grandes compromisos reflectidos no actual plan de mandato, o debate sobre o estado da provincia, como así foi, tamén, no anterior plan

de mandato 15-19 e será, estamos seguros, no próximo plan 21-27 ou 23-27. Como tamén ocorreu en períodos anteriores, o actual plan de mandato viuse enriquecido, ata agora, coas 64 achegas formuladas e aprobadas nestes tres últimos anos polos grupos políticos representados nesta Corporación Provincial, ademais das propostas e anuncios realizados polo presidente. Achegas todas elas que teñen como denominador común: avanzar no desenvolvemento e dinamización económica e social do noso territorio. Unha mágoa que neste obxectivo común non atopáramos todo o apoio que cabería esperar dun grupo político, o Partido Socialista, que ano tras ano, como na presente ocasión, só é quen de facer a espantada como única proposta e, de novo, deixar baleiros os seus escanos. Ademais desta falta de responsabilidade política e de compromiso coa cidadanía e os seus electores, tamén están aí as súas achegas para obstaculizar a acción de goberno, como o recurso contra as axudas para autónomos e pemes, as alegacións ao plan de cooperación co Concello de Ourense, ou as anunciadas emendas aos orzamentos da Deputación de 2023. Todo en positivo, señoras e señores do Grupo Socialista, que seguro que nos están escoitando, para vostedes o importante é estorbar ou, cando menos, intentalo. Con todo, e malia esta bancada baleira, sobre a que non paga a pena perder máis tempo, os debates sobre o estado da provincia deixáronnos no actual mandato a presentación de 103 propostas. Algo máis dun centro de propostas das que, repito, foron aprobadas 64 e cun grao de cumprimento que alcanza o 67%, entre obxectivos logrados e iniciativas en fase de desenvolvemento. Como non podía ser doutro xeito, en nome do meu grupo, grazas aos autores destas achegas e, por suposto, ao presidente provincial polas propostas adicionais e anuncios que sempre presenta a este plenario, como ven de facer hoxe mesmo cunha de máxima importancia para a nosa provincia. Estamos xa no último debate sobre o estado da provincia deste mandato. Por iso, e antes de dar conta das propostas do Grupo Popular, quixera facer un breve percorrido polos principais fitos alcanzados, ata o de agora, por este goberno provincial, algúns deles, por certo, froito destes debates. E incido en que son os principais logros conseguidos ata agora, porque aínda restan algo máis de seis meses de traballo antes das eleccións locais do próximo 28 de maio, douscentos días como dicía o Sr. presidente que os conta mellor ca min. Tempo aínda suficiente para seguir pechando e poñendo en marcha novos proxectos, programas e servizos. Así, falando de economía, debo resaltar, sen lugar a dúbidas, a consecución da débeda cero, que posibilita o endebedamento ante calquera necesidade extraordinaria, e, por suposto, a consecución dos históricos remanentes de tesourería que permitiron, e aínda permitirán en febreiro de 2023, facerlles

fronte a máis gastos e investimentos dos recollidos nos orzamentos se o Grupo Socialista non consegue estorbar unha vez máis para que non se fagan efectivos. Logros no presente que se verán reforzados no futuro desde a Área de Intervención co mantemento da senda de estabilidade orzamentaria e unha xestión orzamentaria rigorosa. Outro dos fitos destacados deste mandato radica na transparencia e no goberno aberto, liderando esta institución e o seu presidente os índices de transparencia das deputacións provinciais. En benestar destacaría a décima edición do programa de Termalismo Social, do que xa se beneficiaron máis de 20.000 persoas, ou o plan EmprendOu, apostando por estratexias de reto demográfico e máis o emprendemento da mocidade no rural. E falando de termalismo aí está o plan termal que inclúe, entre outras actuacións de máxima importancia para o sector e polo tanto para esta provincia, a adxudicación da última fase de renovación do balneario de Berán, que en breve se converterá no oitavo balneario da provincia. Aínda que se nos referimos ao termalismo, creo que o maior e máis importante fito en todos eses anos é o Congreso Internacional de Turismo Termal, avaliado pola Organización Mundial do Turismo e que situou a Ourense no mapa do turismo mundial, un paso máis para a posta en marcha tamén no noso territorio do Observatorio Mundial do Termalismo. Por certo que o turismo, en liñas xerais, terá en 2023 un novo pulo co plan destino turístico intelixente. E non esquezamos proxectos estratéxicos materializados a proposta da Presidencia da Deputación como o Centro Galego de Innovación na FP “Eduardo Barreiros”, en colaboración coa Xunta de Galicia. Debo dicir tamén que a ninguén se lle escapa que estamos en plena crise enerxética e que os cidadáns agardan solucións por parte dos gobernos. Pois no marco da Axenda 20/30 e do cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), este goberno provincial impulsou a creación das chamadas Comunidades Enerxéticas, onde, nun primeiro plan piloto, cidadáns, empresas e administracións se alían en 12 concellos da provincia para xerar enerxía de fontes renovables, con autoconsumo compartido. E non habería repaso completo sen citar á innovación e á tecnoloxía, poñendo por diante a celebración da segunda edición da Mobile Week Ourense, única provincia de España que celebra esta iniciativa en coordinación coa Fundación Mobile World Capital Barcelona. Debo destacar igualmente o proxecto AcelerOu, que obtivo a máxima puntuación de toda España na convocatoria dos fondos Next Generation e que contará con preto de 500.000 euros para axudar ás pemes, autónomos e emprendedores na súa transformación dixital (outros que hoxe non nos acompañan, impugnan as axudas que lles concedemos). No ámbito da cultura, entendo que o principal logro alcanzado neste

mandato é a firme aposta do goberno provincial, e nomeadamente do seu presidente, por transformar a provincia de Ourense no mellor escenario de producións audiovisuais, con ata sete películas, e unha serie de televisión, rodadas este ano no noso territorio. Unha aposta referendada coa creación da “Ourense Film Commission”, que mellorará a viabilidade das producións rodadas na provincia, profundando no retorno socioeconómico. E, ademais, xa desde o anterior mandato, pero dun xeito especial nestes últimos tres anos, o goberno provincial fixo un enorme esforzo por consolidar un ecosistema deportivo no territorio, acollendo destacadas probas e campionatos nacionais e internacionais, coa proxección e promoción que para a provincia supón no ámbito turístico. E aquí debo referirme necesariamente a ese campo de remo de estrea no Parque Náutico de Galicia, en Castrelo de Miño, un investimento da Deputación que permitiu acoller en agosto pasado unha proba internacional de prestixio como a Coupe de la Jeneusse, Falei, como dixeran, de fitos destacados, pois non habería tempo suficiente neste pleno para sinalar todos os obxectivos e logros alcanzados desde 2019. Por iso, como o tempo do que dispoño é limitado, debo en boa lóxica dedicar os minutos precisos a presentar as propostas do grupo provincial popular a este debate. Dez iniciativas que, como sempre, teñen como eixo unha visión integral e supramunicipal de provincia, aínda que tamén son singulares pois apostan por diversas liñas de traballo como profundar na cooperación cos concellos; potenciar o termalismo; loitar contra a soidade dos nosos maiores; reducir as fendas de xénero; e reforzar o compromiso coa sostibilidade do noso medio, entre outros aspectos. Así, as dez iniciativas que o grupo provincial do Partido Popular presenta a este Pleno, consensuadas coa deputada Montse Lama e que xa fixemos públicas, son as seguintes: En materia de medio ambiente a creación do servizo provincial de prevención e control nos servizos do ciclo hidráulico e dos residuos municipais. A creación da oficina provincial da sostibilidade, para asesorar a empresas e familias no uso de enerxías renovables. A dixitalización do plan “Ourense, a provincia termal”, de tal xeito que se poida reservar en calquera momento un tratamento termal nun balneario de Ourense desde calquera punto de España e a través dun dispositivo móbil. No relativo aos servizos sociais, a posta en marcha dun plan provincial contra a soidade non desexada. A Área de Benestar porá en marcha este plan en 2023 por medio do Servizo Provincial de Teleasistencia, que atende na actualidade nada máis e nada menos que a 2.000 persoal, das que o 75% viven soas. Pois ben, durante as 24 horas do día, os 7 días da semana, atenderanse aos maiores que residan no seu fogar ante calquera caso de emerxencia, ademais

de facer un seguimento semanal da súa situación sociosanitaria. Seguiremos facendo esforzos na Área de Benestar, e para iso propoñemos un programa de actividades interxeracionais, co fin de promover o intercambio de coñecementos, experiencias e visións entre mozos e maiores. E para profundar na cooperación cos concellos, a operatividade do SAF 091, procurando o avance e homologación na xestión administrativa e operativa deste servizo nos 91 concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes. Tamén ao servizo dos concellos, crearemos unha plataforma inmobiliaria do rural, que considero de máxima importancia, cunha ligazón á web da Deputación, con todos os enderezos de internet que os concellos da provincia teñan para ofertar vivendas, tanto para mercar como para alugar. Temos que facer o imposible por frear o despoboamento galopante do medio rural. Por suposto tamén hai achegas sobre infraestruturas, como o plan de travesías accesibles, sostibles e seguras na rede provincial, co fin de mellorar e incrementar a seguridade viaria e ao mesmo tempo remitir as emisións de CO2. No capítulo cultural poremos en marcha a exposición Ourensanía no tempo, unha mostra itinerante que difundirá a historia de Ourense, curiosidades e personalidades de todos os ámbitos, para afondar no orgullo de ser ourensáns. E como última proposta –e non por iso menos importante, máis ben todo o contrario- poremos en funcionamento o proxecto nena e deporte, para loitar contra a fenda de xénero, utilizando como ferramenta o deporte. Un programa on-line e tamén presencial con actividades para centros escolares e clubs deportivos de toda a provincia. Pois ben, estas son as nosas propostas neste debate sobre o estado da provincia do presente ano, que agardo contén co apoio do resto de representantes políticos na corporación. Sr. Varela, Sr. Pérez Jácome, espero o seu apoio. Polo de agora máis nada. Moitas grazas.

Sendo as 10.50 horas suspéndese a realización da sesión co obxecto de que, tal e como figura no decreto da convocatoria da sesión, se reúnan os voceiros dos diferentes grupos para a negociación de posibles acordos respecto das propostas de resolución, seguindo a sesión ás 11.24 horas, incorporándose á sesión a deputada non adscrita Montserrat Lama Nóvoa e ausentándose o deputado presente de DO don Gonzalo Pérez Jácome..

- 2ª intervención presidente: Moitas grazas. Despois de escoitar aos portavoces dos grupos políticos esta intervención de dúplica, como se di no argot parlamentario, é para agradecer as achegas materializadas en propostas, tanto do meu grupo, consensuadas coa deputada Montse

Lama, a quen lle teño que agradecer o apoio durante todo este tempo, somos un equipo político elixido para gobernar esta institución, no que o consenso e a unanimidade foron da man, algo moi importante para facer política e polo tanto moi importante para facer Ourense. Agradézolle a Montse Lama o seu apoio e agradézolle que no seu momento optase pola estabilidade para facer POLÍTICA con maiúsculas e non escoitar cantos de serea ou de siereo que lle ofrecía mesmo a presidencia desta institución e deixarse de improvisacións e de dúbidas, e de someter a unha corporación como esta a cuestións que non se sabe moi ben onde levan. Onde nos leva o camiño da consolidación, do rigor e da solidez é a este debate, que tamén lle teño que agradecer aos representantes de Democracia Ourensana, estivesen ou non na Xunta de Goberno, o seu comportamento responsable e institucional, e polo tanto, tamén a don Bernardo Varela, que empezou falando este mandato de Plan Único, ao que nós lle chamamos Plan Varela, e conseguiu ser oposición única, o cal é un camiño, sen dúbida non doado, pero para o que hai que contar con esperpentos como a ausencia do Grupo Socialista. A semana pasada, en Santiago, na comparecencia da Comisión de Economía, dicíalles aos representantes do PSOE, imaxínense un debate sobre a Comunidade Autónoma onde o PSOE non compareza nin presentes propostas, pois isto pasa en Ourense, e non só unha vez, pasou durante as catro edicións deste debate. Imos seguir, porque como dixo o Sr. Álvarez Dobaño, o que si fixeron foi presentar atrancos, os máis posibles, non só contra a institución, senón contra todos os concellos da provincia, presentando as alegacións ao orzamento por primeira vez en catro anos. Nin unha soa proposta, sabendo que se aproban no mes de setembro de cada ano os orzamentos do ano seguinte. Non só atrancos contra os concellos, que en definitiva son atrancos contra a veciñanza, senón nun sector como o dos autónomos, que a día de hoxe está xudicializado, que nin retiraron nin creo que retiren esa cuestión que compromete seguramente o futuro dos milleiros de autónomos que recibiron axuda directa da Deputación en tempos difíciles. Agradecer as achegas dos voceiros que interviñeron no debate, evidentemente hai dúas formas de ver as cousas, os números Sr. Varela se poden avaliar desde diferentes perspectivas, eu non dixen ningunha mentira, vostede tampouco, pero evidentemente nós somos goberno e temos que salientar os datos positivos, que os hai, non se pode dicir que estamos sempre á cola de non se sabe que. A min interésame moito a visión que teñen vostedes, porque hai que coñecer o que pensan os demais para conformar un criterio máis próximo á realidade e so que gobernamos debemos ver os vaos cheos, non os vasos baleiros, porque esa é a nosa aspiración, ter o vaso sempre cheo. Falou vostede de

cuestións como a Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial, a nosa posición foi a favor, estase a seguir un procedemento que resultou a favor doutra candidatura. Considero que temos que seguir traballando noutros ámbitos, de feito imos anunciar algunha cousa relacionada con esa, do mesmo xeito que outros territorios tamén se sentiron discriminados cando a Xunta anunciou que se instalaría en Ourense o Centro de Excelencia da Ciberseguridade no Parque Tecnolóxico. Agrádame que valore positivamente a iniciativa coa xestión de auga, a cooperación é a bandeira desta Deputación. Creo que durante o receso deste pleno se chegou a acordos co Grupo Popular, a quen agradece o apoio durante este tempo, porque é un apoio para Ourense para que sigamos funcionando, que é do que se trata e para que aqueles que votan saiban que existen institucións responsables que se autoorganizan e executan políticas públicas, no noso caso explicitadas antes das eleccións, dicindo o que iamos facer, como faremos no futuro para o período 23-27. Nesta segunda intervención vou anunciar algunhas cuestións que van ter lugar nos próximos tempos. Unha delas está relacionada con ese proxecto de dixitalización, e é convocar a todos os concellos da provincia, agás o da capital, a unha sesión explicativa do proxecto “OU-intelixente: provincia da auga” o día 17 de novembro, ás 11.00 horas, no Centro Cultural Marcos Valcárcel. Convocatoria que asinarei tan pronto remate esta sesión, para que todos os concellos interesados coñezan de primeira man as claves deste proxecto necesario por cuestións normativas o por ser un recurso dos máis importantes para xestionalo axeitadamente. Despois anuncio que imos seguir reforzando o liderado estatal e europeo de Ourense no traballo en rede. Formamos parte da Comisión de Deputacións, Cabidos e Consellos Insulares da FEMP e a última reunión que realizará esta comisión antes das eleccións de maio, terá lugar en Ourense o 6 de febreiro de 2023. Seremos a capital do poder provincial español, coa asistencia do presidente e do vicepresidente e coa asistencia dos presidentes e vicepresidentes dos gobernos provinciais e insulares de España. Ostentamos o cargo de vicepresidente da Confederación Europea de Poderes Locais Intermedios, do que forman parte 1.067 provincias de Europa e o órgano máis importante da Confederación, o Consello Político, realizará a súa xuntanza en Ourense no mes de marzo de 2023. A Fundación Democracia e Goberno Local organizará un seminario en Ourense no primeiro trimestre de 2023. Estamos a falar con tempo suficiente para non mesturar coa campaña electoral e co período de sombra correspondente. Seguimos a visibilizar Ourense como lugar axeitado politicamente para facer esas reunións. Tamén anuncio que imos potenciar o Campus de Ourense cun centro tecnolóxico, dentro da nosa

alianza coa Universidade de Vigo e a cooperación coa Xunta de Galicia, para que sexa unha realidade, falamos doutras candidaturas para outras realidades que nalgúns casos son quiméricas. Ao final do que se trata é de contar con algo e cremos que da man do Campus de Ourense e da Xunta de Galicia e coa Universidade de Vigo podemos ter un novo centro tecnolóxico no Campus nos próximos tempos. Dicur, en relación coa alianza que debemos manter sempre co tecido social e cos representantes de entidades da provincia, que me reunirei proximamente coa Asociación de Autoescolas de Ourense para apoiar a creación do ciclo superior de FP de Técnico Superior en formación para a mobilidade sostible e segura, que actualmente non existe en Galicia. Anuncio que imos ceir a Plataforma Virtual de Formación Provincial, para impartir formación e ensinanzas que a Deputación presta de xeito presencial. Os servizos, as escolas de Artes e Oficios, a Escola de Gaitas, as clases de actividade deportiva, as accións da sección de Formación, poderán estenderse aos concellos a través do formato virtual e poder atender máis alumnado e en todo o territorio provincial. Imos avanzar no posicionamento internacional de Ourense no ámbito do turismo de congresos. Podo confirmar, xa que falei con Umberto Solimene, que é o presidente da Federación Mundial de Termalismo e Climatoterapia FEMTEC, que terá lugar en Ourense a 74ª Asemblea Xeral e do Congreso Científico Internacional da Federación Mundial de Termalismo e Climatoterapia (FEMTEC).

Tamén se realizará en Ourense do 13 Congreso Internacional das Asociacións de Amigos dos Camiños de Santiago “Unha mirada a Europa”, en abril de 2023. Dentro da consolidación da posición de Ourense na industria audiovisual, despois dun 2022 histórico, lembrar que se entregarán en Ourense os Premios Mestre Mateo en abril de 2023, froito do acordo coa Academia Galega do Audiovisual. Sector en Galicia no que Ourense pisa forte e dentro da consolidación da estratexia de patrocinio das rodaxes apoiadas na Ourense Film Commission, constatada a repercusión socioeconómica que ten o audiovisual sobre o territorio. Imos continuar coa posta en valor do noso patrimonio, con visitas teatralizadas na provincia de Ourense tanto en época castrexa, na época romana, en mosteiros e igrexas, en pazos e casas grandes e en conxuntos etnográficos, que imos comezar en 2023 e esperamos que siga no futuro na axenda de calquera visitante de Ourense. Con respecto á identidade de Ourense, dicir que se fará a publicación da primeira biografía de Basilio Álvarez, impulsada pola Deputación da man do seu autor, o profesor Miguel Cabo Villaverde. Un gran protagonista de Ourense é o Carrabouxo

que da man do seu autor, Xosé Lois González, cumpre 40 anos, e realizarase unha exposición da súa obra no propio Pazo Provincial. Propostas, anuncios, consenso, acordos, iso é Ourense, e a iso ímonos seguir dedicando nos próximos tempos. Moitísimas grazas e bos días.

- Intervención de Montserrat Lama (deputada non adscrita): Bos días a todos e a todas, pedir desculpas por non poder estar na primeira parte deste debate do estado da provincia. Para sen ourensán non fan falta nin papeis nin notarios, ser ourensán é unha cuestión de sentimentos, de declaración de pertenza a un horizonte afectivo. Palabras que tomo como miñas ditas por Manuel Villanueva de Castro, recente fillo adoptivo da nosa provincia. Un ourensán que de non selo de nacemento o é de corazón e iso é, ou debe ser, o orgullo máis grande para nós, os ourensáns de papel. Porque non hai máis satisfacción de que o noso territorio, a nosa cultura, a nosa gastronomía, a lingua, as nosas paisaxes, as nosas festas ancestrais, e esas augas mineromedicinais, sexan patrimonio inmaterial do corazón e da razón de moitos persoeiros e persoeiras deste mundo. Isto é o que nos ten que levar á reflexión individual dos que estamos aquí, pero tamén dos que hoxe non están a cumprir coa súa obriga. Os 25 deputados e deputadas provinciais somos ourensáns, queremoslle ao noso pobo, uns máis que outros, somos veciños, e incluso algúns de nós somos amigos. Os 25 representamos a un pobo que nos necesita sempre unidos. Compartimos preocupacións, pero tamén e importante compartir logros. A política do perfectamente imperfecto non debe ter lugar en ningunha institución, xa que só achega hostilidades e enfrontamentos. Ante esta realidade, un ano máis, señoras e señores, coas cadeiras baleiras, atopámonos co desdén e a arrogancia de quen se di chamar demócrata, de quen se di que defende a liberdade, pero á volta da esquina, entre bastidores, fai todo aquilo que predica que os demais non debemos facer. A diferenza entre eles e nós é ben clara, os que aquí estamos só pretendemos dicir o que pensamos, eles e elas pretenden impoñer a diario o seu pensamento en calquera institución á que representan. Ante esta realidade, ante esta nova política, ante estes novos políticos e políticas que ameazan, menten, manipulan e teñen o discurso do máis ruín e pérfido hai que dar un paso á fronte e batallar coa mellor arma, a palabra, utilizada sempre con autenticidade. Este debe ser e será o noso camiño, porque Ourense nos importa, impórtannos os nosos maiores que poidan gozar dos máis cativos a través de programas interxeneracionais, divulgando o amor e o cariño a través do respecto. Preocúpanos a soidade non desexada e para isto traballaremos a reo, porque queremos poñer de moda o rural, porque vivir no rural, como din os mozos, vivir no rural mola. Amigos, eu son de ver, como dixo antes o presidente, o vaso medio cheo en todos os

aspectos da miña vida e niso basearei o meu futuro político. Iso é o que debe guiar a todas as institucións e a todos os políticos que representamos esas institucións. O máis importante é pensar no ben común, no ben da veciñanza e non pensar en fins partidistas que, ao fin e ao cabo, non levan a ningún rédito bo para o benestar dos nosos veciños. Darlle os parabéns ao compañeiro Bernardo do Bloque Nacionalista Galego, que aínda que temos pensamentos distintos sobre diferentes cuestións, noutras non, porque saber estar en política é moi importante e honorable. Dicirilles tamén aos compañeiros do Partido Popular e ao presidencia que grazas por os consensos aos que chegamos durante meses. Queda máis que claro que para min está Ourense por enriba de calquera posto ou de calquera sucudenta nómina que poidan ofrecerme. Estou para Ourense, para os veciños de Ourense e que todo o bo que veña sexa para os meus veciños e veciñas. Moitas grazas.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): Bo día de novo. Eu respecto do que vostedes nos trasladan nas súas propostas e do que lle escoitei ao señor presidente, a verdade é que promete ser un ano complicado e non sei se daremos atendido a tantos congresos, visitas e rodaxes, pero a partir de aí loxicamente haberá que facer un balance entre os custos económicos que isto ten e a repercusión que pode ter para a nosa provincia, porque eu entendo que moitas veces estes congresos se fan aquí porque a Deputación é quen de poñer os seus orzamentos, e eu xa saben que son máis partidario de que se poñan a disposición dos concellos da nosa provincia. En canto ás propostas de resolución a verdade é que só fomos capaces de consensuar unha das que presentaba o BNG cunha pequena emenda do PP, e lamento que algunhas delas non puidesen acadar ese respaldo. Eu levo dende que cheguei a esta Deputación, e os meus compañeiros do BNG que me precederon na portavocía tamén, reclamando establecer ese plan único provincial para concellos que existe nas outras tres provincias de Galicia e que considero que é unha cuestión de xustiza. Despois hai outras que me sorprende máis que non puidésemos chegar a ningún acordo, e algunha delas case textualmente se trasladou a do ano pasado e entón si que fora por acordo, por exemplo a de esixirlles a todas as administracións competentes (Estado e Comunidade Autónoma) en materia de regulación enerxética, que se estableza un novo mapa eólico galego con criterios de preservación do noso territorio desde un punto de vista social, medioambiental e patrimonial. É que nos vai volver pasar unha oportunidade pola porta, como xa pasou cos encoros, e iso vai ter unha repercusión mínima na nosa provincia e nos seus habitantes, e é

lamentable porque o dato é lamentable, na CA de Madrid non existe un só aeroxerador instalado de carácter industrial, e non deixa de resultar curioso, que a provincia do Estado español que máis enerxía consume non teña ningún, e nos digan a nós que os temos que ter por cuestión de solidariedade. Eu estou de acordo en telos sempre que conservemos o noso patrimonio ambiental e histórico, pero iso ten que ter unha contrapartida xusta para os veciños e veciñas e para a as propias administracións do territorio, senón non ten ningún xeito. É como si aos noruegueses lles dicimos que o petróleo que teñen debaixo o vai explotar unha empresa de fóra e que lles vai deixar as migallas, e iso os noruegueses non o ían admitir, e penso que os galegos e os ourensáns tampouco debemos ser menos. Por outra banda tamén considero que eran importantes outros puntos e non entendo como non chegamos a un acordo, como por exemplo que a Deputación de Ourense solicita do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia o establecemento de liñas directas de axudas aos concellos, de fondos Next Generation, porque en moitos casos está a suceder unha falla absoluta de criterios que permitan que os concellos pequenos poidan acceder a esas axudas que tanta falla nos farían para moitas accións, como por exemplo en concreto para aforro enerxético. Sinceramente algunhas das liñas de axuda que saca o Estado parecen unha broma, lembro unha dun millón e medio de euros para todos os concellos do Estado de menos de 20.000 habitantes, para temas de sostibilidade. Esta era unha cuestión de equidade que vostedes deberían ter que apoiar ou mesmo a relativa a demandar da Xunta de Galicia aumentar o orzamento destinado á atención primaria, xa que desgraciadamente eu vivín o de estar nos corredores en urxencias, e cando o vives en primeira persoa faise difícil de soportar. Doutra banda e sobre as propostas que vostedes nos traen aquí practicamente e agás unha, dende o BNG ou imos apoiala ou abstermos, xa que moitas son de carácter social aínda que a moitas lles falte concreción, pero lóxicamente non podemos votar en contra de algo que podería chegar a ser bo dependendo de como se puidese materializar. A primeira, relativa á creación dun corpo de inspección provincial, apoiarémola, porque desta case son o “padriño” e agrádecese que ás veces se tomen en consideración as nosas propostas. Na segunda abstéñome porque non queda moi claro que sexa un gasto necesario para Deputación. Na terceira relativa á posta en marcha do Plan Provincial contra a soidade non desexada, abstereime igualmente porque non acabo de visualizala. En canto ao SAF 091 non sabemos moi ben en que vai consistir. Na creación da Oficina Provincial da Sostibilidade eu lancei unha contraproposta que non foi atendida, que é a de reforzar o papel dos GDR porque me parece que son eses elementos próximos á

ciudadanía, empresas e ao territorio, polo que considero que poden desenvolver moi ben esa función. Respecto á creación dunha Plataforma inmobiliaria do rural imos apoiala. A relativa ao Programa de actividades interxeracionais imos dicir que si, aínda que é certo que o problema e que se seguimos a este paso non vai haber nenos e pode que este ano non cheguemos aos 100 nacementos nesta provincia. En canto ao Plan de travesías accesibles, sostibles e seguras na rede provincial, nos parece algo que está ben; a proposta relativa á Ourensanía no Tempo votaremos a favor aínda que seguramente temos outros elementos en que investir os cartos da Deputación. Por último no proxecto “Nena e deporte”, sempre apoiaremos o relativo á promoción da igualdade de xénero e prevención da brecha de xénero. En resumo, desde o punto de vista deste voceiro do grupo do BNG, estas propostas que trae hoxe o grupo de goberno para que apoiemos, non vai supor ningunha muda no que ata o de agora está a ser esta Deputación Provincial, polo que non vemos un proxecto transformador desta provincia, que o presidente a ve co vaso medio cheo e eu sigo a pensar que ten moitísimas potencialidades pero que nos últimos anos a realidade nos traslada ata o punto en que nos atopamos, que é cunha baixada de poboación e ou tomamos medidas contundentes ou senón pois desgraciadamente os augurios non son bos, sendo positivos no aspecto de quen cremos nesta provincia, nas súas potencialidades e na súa xente, e cremos sobre todo que hai outra forma de facer as cousas que sería máis beneficioso para o conxunto da cidadanía desta provincia. Nada máis e moitas grazas.

- 2ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): Bo día de novo, xa o fixo o presidente, pero quero significar en primeiro lugar o meu respecto polos representantes públicos que, como o señor Varela, non deixaron nunca de exercer a súa responsabilidade, non só acudindo a este debate, senón facendo as súas achegas. Outros seguen na súa espantada e facendo sempre a política do non. E a partir de aquí, coincidiremos ou non nas formulacións de ambos grupos, pero exercemos as nosas responsabilidades, para iso nos elixiron e para iso estamos. Como, por exemplo, non imos coincidir unha vez máis con esa teima do plan único, ou xa rebautizado como Plan Varela. En torno a esta cuestión xa está todo dito pola nosa parte. No próximo mandato –quen sabe- igual retomamos a súa proposta, teña fe Sr. Varela, coo acostumo dicirlle. Con respecto ao Inorde, seguimos na mesma. O día que vostedes gobernen fagan o que estimen oportuno, ou máis ben o que sempre prometen. Ao mellor aínda levamos unha sorpresa. Onde tampouco imos coincidir nunca, señor Varela, é nese tesón nacionalista

polo público, defendendo a morte a xestión pública dos servizos, chámese recollida e tratamento de residuos, regulación enerxética ou mapa eólico galego. Como tamén lle digo, con todos os respectos, que erra vostede na súa proposta sobre o ámbito da atención primaria, pois aínda que calquera mellora redunda tamén na cidadanía ourensá, o certo é que esta cuestión, tal e como a formula, excede con moito o marco deste debate. Tamén quixera facer un breve apuntamento sobre o acceso a San Vicente de Leira, en Vilamartín de Valdeorras, xa que todo o que nos propón xa está feito ou en trámite avanzado e o Sr. alcalde –do Partido Socialista- é coñecedor de todo isto, pero vostedes como non teñen representación igual non están debidamente informados. Unha vez expostas as discrepancias, Sr. Varela, pasamos ao capítulo dos acordos. Neste apartado xa podo anunciar que votaremos a favor do establecemento dunha liña de axudas para que os concellos poidan adaptar os cemiterios municipais a todo tipo de crenzas. Como tamén apoiaremos a súa proposta para pedirlle ao Goberno central unha tarifa especial para a iluminación pública municipal, recuperando así unha medida da que se beneficiaban os concellos ata o ano 2009. Como concelleiro seguro que sabe ben a sangría que supón para as arcas municipais a factura da iluminación pública e lamentablemente non vemos unha solución a curto prazo. Ademais, conta vostede co noso apoio para demandar do Estado e da Xunta de Galicia axudas directas aos concellos a través dos fondos Next Generation. Un asunto este, o dos fondos europeos, que figura na primeira páxina da axenda de prioridades do presidente desta Deputación, e así o ten demostrado en múltiples ocasións e de maneira especial na Xunta de Goberno da FEMP. Con respecto ao punto sétimo das súas propostas, por suposto que este grupo provincial apoiará calquera iniciativa que achegue a alta velocidade ao conxunto da cidadanía ourensá. Pero non estamos na liña de apoiar a demanda dun ente ferroviario galego, unha das vellas liñas programáticas do BNG. Dado que vostede retirou esta parte da súa proposta, votaremos a favor dela. E remato xa, señoras e señores deputados, no debate sobre o estado da provincia de 2021, o presidente Manuel Baltar afirmou que este tipo de debates, pioneiro e innovador en España, permiten facer política con P maiúscula de pacto e co consenso que se precisa para construír provincia. Este é o último debate do presente mandato, pero como portavoz do Partido Popular na Corporación Provincial podo adiantarlles que, se referendamos a confianza das veciñas e veciños desta provincia nas eleccións locais do próximo ano, como así esperamos, en novembro de 2023 volveremos citarnos para falar de Ourense en positivo, con visión de provincia e deixando a un lado os localismos. Que ninguén dubide que esta convocatoria

formará parte do programa de mandato do noso candidato á presidencia da Deputación de Ourense, de todos xa coñecido. Porque –unha vez máis- teremos candidato e teremos plan de mandato. ¿Haberá alguén máis en condicións de realizar esta afirmación? Lamentablemente creo que non. Máis nada, moitas grazas pola súa atención.

- quenda de peche presidente: moitas grazas, grazas a todos os que interviñeron nesta quenda, señora Lama, señor Varela, señor Álvarez Dobaño, quen dixo, e dixo ben, que en novembro do ano próximo realizarase tamén o debate sobre o estado da provincia, cun Partido Popular que terá candidato a presidir esta Deputación e cun grupo que tamén contará cun plan de mandato para os próximos catro anos. Nada me gustaría máis que o Sr. Varela seguise estando e tomando a palabra neste debate (ao mellor estouno amolando dicindo isto). A política non é cuestión de dar caña, a política é cuestión de ganas de traballar, neste caso de traballar por Ourense e ser respectuosos coas ideas dos demais, e non insultar e non ter cara de estar permanentemente enfadado con calquera cousa que non saia da boca dun. Calquera debate que se faga con xente sensata, con xente educada, pode traer consecuencias importantes e positivas. Creo que todos cremos na política, intúo que despois das votacións que se realicen imos rematar este Pleno con 23 medidas dinamizadoras da provincia, que se non se realizase con este formato non teríamos, pero que obriga aos grupos políticos a esa autoesixencia, non só política, senón tamén persoal, para responder á confianza daqueles e daquelas que un día, diante dunha urna, dixeron: no meu futuro esta persoa ten algo que pintar. Nós estamos pintando e debuxando ese futuro e alá quen non o estea facendo coas súas responsabilidades. Grazas polas achegas, polos acordos, a todos os presentes, estivo Democracia Ourensana, está a Sra. Lama, están os compoñentes do Grupo Popular, está o voceiro do BNG. Só non están os que nin están nin se espera por eles e iso xa non é cuestión de ver o vaso medio cheo ou medio baleiro, é que non hai vaso e para eles non hai nada que celebrar, sendo este debate, xunto co do orzamento, un dos máis importantes que se realizan durante o ano. En relación co que di o Sr. Varela en canto á realización de reunións e congresos, imaxine un país que é España, un estado, como España, con 52 gobernos provinciais e insulares, e que a reunión máis importante que teñan diante das próximas eleccións locais e provinciais teñan que elixir un lugar (se fose polos que hoxe faltan non sería Ourense). Algo non vai supoñer ningún gasto extra, simplemente ter a credibilidade suficiente diante do resto de gobernos provinciais e insulares para que Ourense acolla unha reunión

destas características, a min écheme de orgullo, ademais o 6 de febreiro data na que cumpro 11 anos de presidente da Deputación. Imos seguir traballando e alégrome de que todos teñan esa vocación de traballo, todas as persoas que nos acompañaron no día de hoxe, o delegado territorial da Xunta, que sabe que estamos con proxectos importantísimos co goberno autonómico, hai meses abríase o Centro Galego de Innovación da Formación Profesional, hai pouco anunciouse a licitación do parque acuático de Monterrei en Pereiro de Aguiar. Hai semanas co vicepresidente primeiro acordamos reactivar a Cámara de Comercio e Industria para 2023. Isto é traballar por Ourense, como dentro dunha hora constituíndo a mesa de calidade do destino Ourense Termal aquí na Deputación, ou mañá estando en Aquis Querquenis, unha escavación nun campamento romano de importancia nacional e internacional, ou inaugurando unha das dúas feiras internacionais que se celebran no recinto de Expourense, da que a Deputación forma parte do seu padroado, ou este xoves, presidindo a Asemblea Xeral da Asociación Europea de Cidades Termas, ou o día 11 do 11, día da Ourensanía, celebrando o noso patrón San Martiño. Dicar que Ourense é moito, Ourense é todo e grazas pola súa participación e que viva Ourense. Moitas grazas.

O contido íntegro do debate deste asunto recóllese integramente no punto primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN FORMULADAS POLOS GRUPOS.-

O resultado da votación das propostas presentadas polos diferentes grupos é a seguinte:

PROPOSTAS DO GRUPO POPULAR

1.- Medio Ambiente

Creación do servizo provincial de prevención e control nos servizos do ciclo hidráulico e dos residuos municipais. No marco das competencias de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica cos concellos da provincia, proponse a creación dun servizo provincial, que actuando por delegación e de xeito supramunicipal asuma as funcións municipais de prevención e control de servizos relacionados co medio ambiente, como os do ciclo da auga ou dos residuos municipais xestionados de modo directo polas administracións locais.

No desempeño, mediante persoal funcionario provincial incluírá, na prevención, a concienciación, a formación e a información á cidadanía; e no control, as funcións de vixilancia e inspección, así como a potestade sancionadora.

Resulta aprobada por unanimidade.

2.- Termalismo

Dixitalización de “Ourense, a Provincia Termal”. Poder reservar ao momento, a calquera hora, un tratamento termal nun balneario de Ourense dende calquera punto de España e a través dun dispositivo móbil.

Resulta aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencial de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e a abstención do BNG.

3.- Servizos Sociais

Posta en marcha do Plan Provincial contra a soidade non desexada. A Área de Benestar da Deputación de Ourense implantará no 2023 un Plan Provincial contra a Soidade non Desexada. Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS) a soidade non desexada é un dos maiores riscos para o deterioro da saúde das persoas maiores.

A porta de entrada a este Plan será o Servizo Provincial de Teleasistencia, o recurso público de asistencia permanente, 24 horas ao día, os 7 días da semana, para atender ás persoas maiores que residan no seu fogar e que pola súa idade ou calquera outra circunstancia vital necesitan un soporte telefónico permanente para calquera caso de emerxencia así coma un seguimento semanal da súa situación sociosanitaria.

A data de hoxe reciben este servizo máis de 2.000 persoas -un 75% viven soas- sendo este colectivo no que se focaliza o plan, aínda que non de maneira exclusiva.

Resulta aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencial de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e a abstención do BNG.

4.- Servizos sociais municipais

Operatividade do SAF 091, conseguindo unha administración local máis eficiente. Conquerer o avance e homologación na xestión administrativa e operativa do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) municipal dos 91 concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes.

Resulta aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencial de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e a abstención do BNG.

5.- Sostibilidade

Creación da Oficina Provincial da Sostibilidade. Coa función de asesorar a empresas e familias na adopción de enerxías renovables nos seus fogares. Para aforrar combustible e mellorar o medio ambiente a través da enerxía solar ou a biomasa. Un punto de información para coñecer as opcións ou as convocatorias de axudas.

Resulta aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencial de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e o voto en contra do BNG.

6.- Cooperación

Ourense, Plataforma inmobiliaria do rural. Crear unha ligazón actualizada na web da Deputación con tódalas webs que os concellos da provincia de Ourense teñan para ofertar vivendas tanto para mercar como para alugar, reforzando a visión provincial neste eido.

Resulta aprobada por unanimidade dos/das presentes.

7.- Benestar

Programa de actividades interxeneracionais. Para reforzar a cohesión da nosa provincia, é necesario tecer un fío entre xeracións. Fronte aos riscos dunha sociedade que, pese a dispor de máis facilidades que nunca para conectarse, presenta importantes problemas de illamento e incomunicación, cómpre promover o intercambio de coñecementos, experiencias e visión entre mozos e maiores.

Resulta aprobada por unanimidade dos/das presentes.

8.- Infraestruturas

Plan de travesías accesibles, sostibles e seguras na rede provincial. Repavimentación para garantir a redución de emisións de CO2 provocadas polas deterioracións estruturais e superficiais do pavimento -as fendas en rodadas, fochancas ou desintegracións incrementan ata un 9% as emisións de CO2-. Ademais, búscase a mellora da accesibilidade e seguridade nos itinerarios peonís e nos cruces de peóns, coa implantación de medidas de calmado de tráfico, como as zonas 30, pasos de peóns sobreelevados e reductores de velocidade.

Resulta aprobada por unanimidade dos/das presentes.

9.- Cultura

Ourensanía no Tempo. Posta en marcha dunha exposición itinerante que difunda a historia de Ourense, curiosidades e personalidades de tódolos ámbitos para afondar no noso orgullo de pertenza.

Resulta aprobada por unanimidade dos/das presentes.

10.- Igualdade

Proxecto “Nena e deporte”. Promoción da igualdade de xénero e prevención da brecha de xénero, utilizando como ferramenta o deporte. Programa online e actividades presenciais dirixidas a centros escolares e clubs deportivos de toda a provincia.

Resulta aprobada por unanimidade dos/das presentes.

PROPOSTAS DO BNG:

1.- Establecer con carácter inmediato unha mesa de diálogo onde estean representados os grupos políticos desta Deputación Provincial e os concellos da provincia e na que se estude un novo modelo de reparto con criterios obxectivos dos fondos da Deputación Provincial, destinados á cooperación cos municipios. Establecendo un mínimo do 25% do orzamento provincial co que contribuirá ao obxectivo fundamental da Deputación que cabe lembrar, é colaborar cos concellos da provincia no seu sostemento e prestar colaboración técnica e económica para que poidan actuar a prol da cidadanía. Este novo Plan debería estar operativo para o reparto proporcional do remanente de tesourería do presente ano 2022.

Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencial de don Miguel A. Cid Álvarez), e da deputada non adscrita.

2.- Remudar totalmente o papel do Inorde ou simplemente que desapareza como tal, vista a súa inoperatividade como factor de desenvolvemento da provincia de Ourense, dado que o seu orzamento se consume en gastos de persoal e funcionamento. Sendo que as escasas accións que desenvolve poden ser perfectamente executadas desde a propia Deputación, dun xeito que consideramos incluso máis áxil e reducindo custos.

Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencial de don Miguel A. Cid Álvarez), e da deputada non adscrita.

3.- Ante o razoable funcionamento, tanto pola satisfacción dos usuarios como polas taxas mantidas, así como pola experiencia frustrada doutros servizos que tiveron que ser recuperados para a xestión pública, esta institución comprométese ao mantemento do servizo público de recollida de lixo que esta Deputación Provincial presta a máis de medio centenar de concellos da provincia de Ourense. Adaptando este servizo público ás novas esixencias que emanan da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular e á realidade de inserción no territorio da poboación na nosa provincia.

Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencial de don Miguel A. Cid Álvarez), e da deputada non adscrita.

4.- Esixirlles a todas as administracións competentes (Estado e Comunidade Autónoma) en materia de regulación enerxética, que se estableza un novo mapa eólico galego con criterios de preservación do noso territorio desde un punto de vista social, medioambiental e patrimonial. E que ao tempo os beneficios obtidos dos recursos naturais (nomeadamente a auga e o vento) que son de toda a veciñanza de Ourense, revertan na poboación local tanto mediante os pagos directos ao propietarios, os tributos aos concellos e o desenvolvemento de Plans industriais e tarifas enerxéticas propias que favorezan o desenvolvemento do territorio da provincia.

Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencial de don Miguel A. Cid Álvarez), e da deputada non adscrita.

5.- Demandar da Xunta de Galicia aumentar o orzamento destinado á atención primaria ata chegar ao 25%. No inmediato aumentar o 2,2% (máis de 200 millóns de €) para chegar á media do Estado. Que incremente a estabilidade e cantidade dos cadros de persoal para que poidan atender os pacientes en tempo e forma. Rematar coa precariedade nas condicións laborais do persoal que atende a saúde, co fin de garantir calidade asistencial, e que traballar e conciliar non sexa misión imposible. Solicitar a posta en marcha dun plan de retorno, captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas, tanto no ámbito económico como das condicións laborais. E por último demandar da Xunta incorporar

categorías novas: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos-optometristas ..., con profesionais, que se existen, para poder ser contratad@s.

Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencial de don Miguel A. Cid Álvarez), e da deputada non adscrita.

6.- Demandar da Xunta de Galicia a que en colaboración coa Deputación de Ourense e coas reclamacións económicas que procedan os causantes da dita situación, por en marcha as actuacións necesarias para revertir o estado de illamento extremo no que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no Concello de Vilamartín de Valdeorras, debido ao corte físico da estrada OU-0807 e ao deterioro do paso sobre o Pereanes na estrada do Mazo. Así como establecer ente ambas administracións de inmediato, protocolos específicos para asistir á veciñanza en caso de emerxencia, e que estea garantida a cobertura desta poboación. Así mesmo comprométese esta Deputación a colaborar co Concello de Vilamartín para mellorar a seguridade viaria da estrada que une O Mazo con Robledo de San Vicente de Leira. Demandar da Xunta que proceda á consolidación e arranxo da ponte sobre o regato Pereanes para garantir o acceso á parroquia neste outono(inverno e polo tanto o acceso da veciñanza de San Vicente de leira ás súas propias casas e aos servizos públicos. E demandar da Xunta establecer un convenio de colaboración coa Deputación ourensá para atinxir unha alternativa segura e viable para o acceso a San Vicente de Leira a través da OU-0807.

Resulta rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto non presencial de don Miguel A. Cid Álvarez), e da deputada non adscrita.

7.- A Deputación demanda da Xunta de Galicia e do Concello de Ourense establecer o sistema de buses necesario, para, en colaboración cos concellos da provincia interesados, materializar un servizo integrado de transporte público. Que permita achegar as vantaxes do AVE ao resto dos concellos da provincia que o demanden, especialmente ao da área máis próxima á capitalidade e a estación da Gudiña. Así mesmo a Deputación comprométese cuns servizos ferroviarios dignos para esta provincia e instar á Xunta de Galicia e Estado a impulsar a mellora da rede ferroviaria galega e de servizo de proximidade con comunicación provincial e interprovincial á par que demanda reabrir as estacións de tren clausuradas na provincia, como a de Ribadavia, A Rúa, O Barco, así como a mellora e modernización da rede ferroviaria galega.

Resulta aprobada por unanimidade dos/das presentes.

8.- Esta Deputación Provincial establecerá unha liña de axudas económicas a concellos para axudar a adaptación dos cemiterios públicos municipais ás crenzas ideolóxicas e manifestacións culturais a respectos da morte, que cada día son máis diversas na sociedade ourensá.

Resulta aprobada por unanimidade dos/das presentes.

9.- A Deputación Provincial de Ourense demanda do Goberno do Estado Español a creación dunha tarifa especial para a iluminación pública dependente dos concellos, tal como a que existía ata 2009. Por ser este un servizo público de primeira necesidade cuxo incremento está a afundir as economías locais, e só se xustificou daquelas na necesidade de manter os beneficios das grandes enerxéticas ante a caída do consumo.

Resulta aprobada por unanimidade dos/das presentes.

10.- A Deputación de Ourense solicita do Goberno do Estado e da Xunta de Galicia o establecemento de liñas directas de axudas aos concellos, de fondos Next Generation, para que dentro do cumprimento das liñas para eles establecidas pola Unión Europea, todos os concellos teñan unha cantidade mínima de 100.000 euros de dotación, máis un complemento proporcional en función de criterios tales como poboación, dispersión poboacional e avellentamento.

Resulta aprobada por unanimidade dos/das presentes.

O contido íntegro deste asunto recóllese integramente no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#)

ANEXO: PEGADA DIXITAL DO VÍDEO

Url

<http://depourense.seneca.tv/s/RysOvAAXOjLzKyMhzsr0MzeENREtS5pqGnUU8EEw2VQIfa6E.wmv>

SHA512

9effb9f7b230edf289e0bd6937bdbd96fd95153e42a1877ad8687493e0f55560f64b5a3
2176b1df55eda298510f56e756c5bac5040b49f11a377c4d2fc9dae

E, ás 12.11 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

